

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS,PAIS,TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

O próximo día 22, en horario de 15:45 a 17:45, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais, titores legais dos alumnos/as no Consello Escolar no IES. Para participar nesta votación procederáse da seguinte forma:

1º. Quen pode votar

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que figuren no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, e que estivo a disposición dos interesados na administración do Centro, Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º. Modo de emitir o voto

- a) O voto será directo, secreto e non delegable
- b) Os modelos de papeletas serán obrigatoriamente os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes das candidatas, e cada elector/a deberá cunha cruz un máximo de UN nome, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI, ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederáse ao acto de escrutinio de votos, que será público e, una vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección do IES anima a todos os pais, nais, titores legais a que participen na votación do próximo luns como una forma mais de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible deste estamento no Consello Escolar.